



CONCELLO DE OLEIROS

DECRETO

O Concello de Oleiros dispón dunha ordenanza reguladora de plantacións e tallas das masas forestais, conservación e fomento de especies autóctonas que regula a protección, conservación e mellora do arboredo do termo municipal de Oleiros, primando a plantación de especies autóctonas en substitución das especies prohibidas pola Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a Lei 7/2012 de montes de Galicia, creando un Fondo municipal de conservación do arboredo. Regula o exercicio da actividade forestal, as garantías do cumprimento das obrigacións, a xestión da biomasa, a medida compensatoria de repoboación e substitución de especies arbóreas e as infraccións e sancións procedentes. A ordenanza trata de compaxinar a actividade madeireira coa protección do arboredo existente, así como as actividades deportivas lúdicas e de competición motorizadas (4 x 4, motocross, trial, etc., excepto as promovidas ou autorizadas polo propio Concello) que se desenvolvan en solos de protección forestal, solos rústicos de protección de augas, solos rústicos de protección patrimonial, artística ou histórica, solos de protección agropecuaria, solos de protección de espazos naturais, solos de protección de costas e solos de protección de interese paisaxístico.

Os técnicos municipais e a empresa contratada para asesoramento e supervisión de tallas no termo municipal informan sobre a seguinte situación actual observada:

- A gran maioría dos montes que se estudaron nos expedientes tramitados teñen unha configuración irregular e son de reducido tamaño, ademais de non presentar ningún tratamento silvícola, é dicir, non presentan unha ordenación forestal.
- Víronse parcelas nas que predominan as especies de eucalipto e piñeiro, mesturadas cunha pequena proporción de frondosas autóctonas e/o árbores de ribeira.
- O 90% das parcelas estudadas, ademais de estar en solo cualificado como Solo Rústico de Protección Forestal, atópanse protexidas dentro do Catálogo de Bens Naturais

Por iso propóñense uns criterios de actuación que faciliten o cumprimento da Ordenanza, uniformar a información ás consultas que se formulan e facilitar a intervención administrativa das actividades de talla e saca de madeira no termo municipal de Oleiros.

Visto o criterio interpretativo elaborado, en uso das facultades atribuídas pola Lei, dito a seguinte **RESOLUCIÓN**:

PRIMEIRO.- Aprobar os criterios a seguir para talla e repoboacións no termo municipal de Oleiros para a consecución dos seguintes:

OBXECTIVOS:

- Reducir paulatinamente a presenza de eucalipto no termo municipal e substituíndoo por piñeiro en zonas de costa (por exemplo a zona de costa de Dexo) e frondosas en zonas máis próximas á zona urbana e núcleos de poboación. Por condicións climáticas e de situación son as especies de mellor adaptación.





CONCELLO DE

OLEIROS

- Evitar que quede madeira morta ou danada no monte, tentando que os exemplares que se conserven poidan ter un bo desenvolvemento no futuro.
- Cumprir as distancias a parcelas lindoiras e terreos de dominio público en relación a frondosas que quedan, ao finalizar os traballos de talla, próximas a lindes e illadas, co risco futuro de caída en propiedade allea

CRITERIOS:

Redes Secundarias de Faixas de Xestión da Biomasa:

- Eliminar as especies prohibidas no Anexo V e repoboar con frondosas se procede.
- Autorízase a talla completa de eucalipto e/o piñeiro (son especies prohibidas) se a parcela é de reducido tamaño, ou unha entresaca mantendo unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores no caso de que a parcela sexa de gran tamaño e as condicións permitan.

Solo urbanizable:

- Non se autorizarán intervencións en solo urbanizable que estean en proceso de desenvolvemento, agás se as parcelas están afectadas pola rede secundaria de faixas de control da biomasa, coas condicións que se establezan na licenza.
- En monte de eucalipto ordenado con marco de plantación autorízase matarrasa e repoboación con piñeiro na proporción fixada na ordenanza.
- En monte de piñeiro ordenado con marco de plantación autorízase entresaca deixando un 25% dos exemplares en pé, e repoboación con piñeiro.
- En Solo Rústico de Protección de Augas tamén se require permiso de Augas de Galicia, e permiso de Costas na zona de deslinde marítimo terrestre. En zonas catalogadas como Patrimonio Arqueolóxico é necesario solicitar permiso en Patrimonio Cultural de Galicia.
- Obsérvase que cando se realiza unha repoboación en parcela onde se deixaron árbores sen tallar, os novos exemplares plantados teñen un desenvolvemento difícil nos seus primeiros anos de vida e por tanto un crecemento máis deficiente. Para o efecto aconséllase unha entresaca de menor volume e non realizar ningún tipo de repoboación ou autorizar matarrasa e realizar unha repoboación completa.
- Se se propón deixar árbores sen tallar deberán de marcarse sobre o terreo antes do inicio dos traballos de talla, e previa supervisión do servizo técnico municipal.
- En terreos urbanos autorízase talla de todas as especies, sempre que o arboredo non forme parte dalgún elemento do Catálogo do PXOM ou dalgún instrumento de planeamento de desenvolvemento.
- Aconsellar que se soliciten licencias/comunicacións previas de todas as parcelas onde se vai realizar a actuación debido a que unha vez que empezan nunha zona é habitual que os lindeiros tamén queiran cortar, o que permitirá unha mellor planificación das masas arbóreas e a súa repoboación.

SEGUNDO.- Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

TERCEIRO.- Comunicar os novos criterios aos talladores que habitualmente presentan expedientes de talla na administración municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

